



DECRETO DA PRESIDENCIA

ASUNTO: Creación dunha lista de aspirantes a funcionario/a interino/a de técnico de administración xeral grupo: A, subgrupo: A1, escala: administración xeral, mediante o sistema de concurso oposición libre.

EXPEDIENTE: 2022/G003/000316

EXPEDIENTE DE ORIXE: 2022/X999/000269

Sendo titular da Presidencia do Consorcio Provincial Contra Incendios e Salvamento de A Coruña, don Valentín González Formoso, a referida Autoridade dita a seguinte resolución:

Mediante Decreto da Presidencia núm. 234/2022, de data 27 de xuño de 2022, aprobáronse as bases e convocatoria para a creación dunha lista de aspirantes a funcionario/a interino/a de técnico de administración xeral grupo: A, subgrupo: A1, escala: administración xeral, mediante o sistema de concurso oposición libre.

Expirado o prazo de presentación de solicitudes mediante Decreto da Presidencia núm. 287/2022, do 24.08.2022 aprobouse a relación provisional de admitidos/as ao proceso de selección, outorgándose un prazo de dous días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación da devandita resolución na sede electrónica e na web do Consorcio (24.08.2022), para emendas.

Mediante Decreto da Presidencia núm. 296/2022, de data 2 de setembro de 2022, aprobouse a relación definitiva de admitidos/as ao proceso de selección, designándose ao membros do tribunal cualificador, e convocando aos aspirantes para a realización do exame da fase de oposición o día 7 de setembro de 2022.

Logo da corrección e resolución das alegacións presentadas, e da valoración da fase de concurso, polo tribunal cualificador, con data 14 de setembro, elévase proposta á esta Presidencia para a súa resolución.

Logo do exposto, de conformidade co disposto na base OITAVA das que regulan o procedemento, e ao abeiro das competencias atribuídas polo artigo 21.1.h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e o artigo 14 dos estatutos reguladores do Consorcio, mediante o presente

RESOLVO :

PRIMEIRO- Aceptar a proposta formulada polo tribunal cualificador e, en consecuencia, aprobar a creación dunha lista de aspirantes a funcionario/a interino/a de técnico de administración xeral grupo: A, subgrupo: A1, escala: administración xeral, mediante o sistema de concurso oposición libre; con todos os aspirantes que superaron o exercicio da fase de oposición, e ordenados por orde de maior a menor puntuación obtida no proceso selectivo:

Resultados do proceso selectivo:

Nome e apelidos	Puntuación fase de oposición	Puntuación fase de concurso	Puntuacións totais
Ricardo Luis Cid Fernández	54,75	1,30	56,05
Pilar González Bermúdez	61,00	2,40	63,40
María Luisa Sánchez Peñamaría	65,80	0,00	65,80
María del Mar Rodríguez Maroño	62,45	0,00	62,45

Lista de aspirantes:

Nome e apelidos	Puntuación
María Luisa Sánchez Peñamaría	65,80
Pilar González Bermúdez	63,40
María del Mar Rodríguez Maroño	62,45
Ricardo Luis Cid Fernández	56,05

SEGUNDO.- Facer público o presente acordo mediante anuncio que se inserirá no Taboleiro de anuncios do Consorcio, no Taboleiro de anuncios da sede electrónica e na páxina web do Consorcio.



TERCEIRO.- Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto, no prazo dun mes a contar a partir do día seguinte ó da recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o xulgado que corresponda no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.

CUARTO.- Dar conta ao Pleno do Consorcio na vindeira sesión.

Carballo, na data da sinatura dixital.

O presidente,
Asdo.: Valentín González Formoso

A secretaria interventora,
Asdo.: M^a Graciela Riveiro Moreira.